| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de recepción activa.<br>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.<br>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.<br>- Aproximación aos principais xéneros musicais.<br>- Vocabulario específico de música.<br>- Recursos dixitais de uso común para música.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.<br>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.<br>- Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.<br>- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.<br>- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. |

| Contidos |
| --- |
| - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.<br>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

1.Principios pedagóxicos e metodolóxicos xerais
De cara a favorecer a formación integral dos/as discentes, a consecución dos obxectivos xerais de etapa e o desenvolvemento das competencias clave e das múltiples intelixencias, ao desenvolver esta programación partirase dunha serie de principios pedagóxicos e metodolóxicos, para cuxa selección se tivo en conta o artigo 16 e Anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, os cales, na súa maioría, parten dunha perspectiva construtivista da aprendizaxe, a cal xorde das teorías de autores como Piaget, Vigotsky ou Ausubel, sendo estes os seguintes:
- Partir dos coñecementos previos e nivel desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado (Piaget) para poder, respectivamente, avanzar dentro da súa Zoa de Desenvolvemento Próximo (Vigotsky) e adaptar o proceso educativo ás características propias da súa idade, para o que se efectuará unha avaliación inicial ao comezo de curso e de cada unidade.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e en espiral (Ausubel) para que o alumnado poida relacionar substancialmente os novos coñecementos a adquirir cos xa posuídos, para o que se partirá dunha secuenciación de contidos que irá do simple ao complexo, do concreto ao abstracto e do coñecido ao descoñecido.
- Promover a actividade e a aprendizaxe por descubrimento (Bruner) polo que no proceso educativo primará a manipulación, a investigación, a experimentación e a exploración.
- Promover a autonomía na aprendizaxe para que o alumnado aprenda a aprender, o que supón ser quen de realizar aprendizaxes significativas por si só e de forma eficaz en diferentes situacións de acordo coas propias necesidades e obxectivos.
- Favorecer a socialización e a aprendizaxe cooperativa, a educación emocional i en valores, así como a resolución pacífica de conflitos a través do diálogo e o respecto cara os/as demais.
- Suscitar a curiosidade e o interese cara a aprendizaxe, para o que se partirá da gamificación (introdución no proceso educativo de dinámicas propias do xogo, tales como recompensas, retos, misións...) e do deseño de actividades variadas, adecuadas ás características do alumnado e baseadas no uso de diferentes recursos didácticos, incluídos os existentes na contorna e as TIC, as cales serán de uso preferente.
- Promover a globalización e a interdisciplinariedade, polo que os contidos a traballar relacionaranse entre si e coas demais áreas para que o alumnado os perciba como un todo organizado e cohesionado, para o cal as actividades propostas se deseñaron en relación a diversas conmemoracións, as cales se tomaron como centros de interese.
- Asegurar a funcionalidade da aprendizaxe para que esta teña sentido para o alumnado, evitando o facer por facer, polo que se favorecerá a aprendizaxe competencial e servizo a partir da realización de actividades vinculadas coas diversas áreas curriculares da etapa de educación primaria e proxectos a desenvolver no centro educativo, que favorezan a adquisición de máis dunha competencia ao mesmo tempo e que requiran da identificación dun problema na contorna ao que se deberá atopar unha solución ou contribuír a súa mellora aplicando os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes adquiridas por medio da elaboración dun produto final socialmente relevante.
- Atender á diversidade do alumnado a través da atención individualizada, da prevención de dificultades de aprendizaxe e da aplicación de medidas ordinarias e, de ser o caso, extraordinarias.
- Considerar e favorecer o desenvolvemento de todos os tipos de intelixencia as que Howard Gardner fai referencia, sendo as devanditas intelixencias as seguintes:
*Intelixencia lingüística, a cal se vincula de forma directa coa competencia lingüística.
*Intelixencia lóxico-matemática, a cal se asocia á competencia matemática.
+Intelixencia espacial.
+Intelixencia musical, vinculada coa competencia en conciencia e expresións culturais.
+Intelixencia cinestésica-corporal.
+Intelixencia intrapersonal e intelixencia interpresonal, relacionadas coas competencias sociais e cívicas.
+Intelixencia naturalista, vinculada coas competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

- Partir do emprego de procedementos de avaliación que permitan determinar o nivel competencial do alumnado e

que se adecúen ás modalidades de ensino presencial e non presencial.
- Terase en conta en todo momento que o obxectivo nesta área non é a formación de artistas, senón dotar ao alumnado de sensibilidade necesaria que lle permita valorar, gozar e apreciar as manifestacións artísticas que o rodean, así como comunicarse e expresarse a través da música, promovendo, ademais, formas de pensamento diverxentes.

2. Métodos didácticos específicos
Como metodoloxías especificamente musicais, porei en práctica diferentes principios de diversas pedagoxías musicais, non decantándome só por unha, xa que considero que o mellor método é aquel que integra, de xeito global, os aspectos máis funcionais de cada unha delas, con vistas a que permitan o maior desenvolvemento posible das capacidades e habilidades do alumnado, polo que incorporarei de:
- Kodály: a fononimia, as sílabas rítmicas e o repertorio folclórico musical propio da nosa comunidade.
- Orff: os instrumentos de percusión ideados por el mesmo, os elementos de percusión corporal, as cancións con xogos de reacción e substitución de palabras por xestos e a execución de danzas tradicionais.
- Willems: os exercicios de discriminación auditiva, o emprego de diversos signos (palotes, liñas...) como representación gráfica das calidades do son, as cancións de intervalos, o uso das posibilidades expresivas da voz e do corpo como medio de interiorización, comprensión e expresión das calidades do son e a realización de xogos de discriminación auditiva.
- Dalcroze: a Rítmica.
- Wuytack: os Musicogramas.
- Aschero: a numerofonía.
- Martenot: os exercicios de relaxación como actividade previa á actividade musical.
En xeral, a aprendizaxe levarase a cabo por imitación, a través do modelo proporcionado por min, polo que este deberá ser impecable, o que non quere dicir que o alumnado teña copiar exactamente este, senón que lle servirá de orientación para a realización das súas propias propostas.

3.Rol da docente
Ao desenvolver a presente programación é imprescindible que sexa clara nas miñas exposicións e amose unha actitude motivadora e positiva. Deberei tamén fomentar a didáctica do erro e a implicación do alumnado nas actividades propostas, así como atender as súas necesidade e dificultades de aprendizaxe. Así mesmo, será necesario que utilice recursos didácticos variados que esperten a atención e curiosidade do alumnado e actuar como guía e observadora-interventora, polo que terei que crear situacións de aprendizaxe funcionais para que os/as discentes poidan construír o seu propio coñecemento de forma cada vez máis autónoma e significativa.

4. Organización do tempo e do espazo
En canto á organización do tempo, en base ao Anexo III do Decreto de currículo de Galicia, para impartir a materia de Música co alumnado do 5º curso de educación primaria contarei semanalmente cunha sesión de aproximadamente 55 minutos.
Cada unidade didáctica desenvolverase a partir da realización de diversas actividades integradas, á súa vez, por distintos exercicios, sendo a esta a secuenciación das mesmas:
Comezarase pola realización de actividades iniciación-motivación e avaliación coñecementos previos, entre as que cabe mencionar a resolución oral de cuestións formuladas pola docente en base aos contidos a abordar, a realización de asembleas a partir destas, a cumprimentación do caderno de autoavaliación, a visualización de vídeos didácticos, a audición de contos musicais ou a execución de exercicios de relaxación, o que se acompañará con música adecuada para tal fin para preparar física e psicoloxicamente ao alumnado para a audición, a escoita, a improvisación e a interpretación musical.
A continuación, efectuaranse as actividades de desenvolvemento, consistindo algunhas delas na improvisación musical, na execución de danzas e coreografías, na interpretación vocal e instrumental, na escoita de pezas musicais de diversos estilos de cara a analizar algúns dos elementos musicais polos que estas se integran e as emocións e sentimentos que estas suscitan, na discriminación auditiva ou no tratamento da linguaxe musical.
Finalmente, efectuaranse as actividades de consolidación e avaliación, as cales poderán consistir na cumprimentación do caderno de autoavaliación de cara á toma de conciencia, por parte do alumnado, do aprendido ao longo da unidade didáctica, na realización de mapas mentais, resumos, xogos, concursos ou asembleas, contemplándose así mesmo a realización de actividades tanto de reforzo como de ampliación de cara a atender á diversidade existente entre o alumnado.
Indicar tamén que ao longo do curso estableceranse diversas rutinas a levar a cabo en cada unha das sesións de cara

ao seu adecuado desenvolvemento, tales como: saúdo e despedida nas diferentes linguas ofertadas polo centro, realización de preguntas orais como repaso do traballado na sesión anterior, asignación de puntos en Classdojo en función do cumplimento das normas básicas de comportamento establecidas na aula...
Así mesmo, cabe mencionar tamén que para a utilización da aula de música terei e conta un horario previamente establecido pola xefatura de estudios, posto que esta será tamén utilizada polo alumnado da ESO de cara a impartir a materia de Música.
Respecto á organización da aula de música, as cadeiras de pa existentes nesta colocaranse en xeral en U, aínda que esta distribución será modificada en función das actividades a realizar en cada sesión para facilitar tanto o traballo individual, como en parellas e en pequeno ou gran grupo, o cal se organizará baixo criterios de heteroxeneidade. Os instrumentos musicais e demais recursos existentes na aula de uso compartido gardaranse previamente desinfectados nos armarios existentes nesta ordenadamente, o cal será fundamental para que o alumnado poida acceder aos estes sen dificultade, evitando así a perda de tempo e poder desenvolver cada unha das sesións de forma adecuada.
Así mesmo, cabe indicar que a materia de música poderase impartir tamén, sempre que se considere oportuno, na aula de referencia de cada grupo-aula ou na aula de usos múltiples (cando resulte indispensable para a execución de actividades de movemento).

5. Agrupamento do alumnado
As actividades propostas realizaranse, como se indicou con anterioridade, tanto en pequeno e gran grupo (para favorecer a integración, a socialización e a cooperación entre o alumnado), como en parellas e de forma individual (para promover a titoría entre iguais, afianzar os coñecementos adquiridos, proporcionar unha atención individualizada, incrementar a autonomía e realizar un seguimento de cada discente para detectar e atender posibles dificultades e necesidades educativas).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos da contorna. |
| Diferentes materiais didácticos. |
| Recursos humanos (equipo docente e familias). |

Para realizar as actividades propostas utilizaranse diversos recursos da contorna (materiais de refugallo, obxectos sonoros, oferta de actividades musicais e culturais...) e materiais didácticos, entre os que cabe mencionar: equipo reprodutor de son, un ordenador portátil, cámara de vídeo, un proxector, unha PDI, Internet, aplicacións informáticas, musicogramas, guías de audición, contos musicais, frauta e instrumentos Orff, instrumentos de creación propia para uso individual, Cds, cartafol do alumnado, axendas escolares...

Respecto aos recursos humanos, será necesario manter unha constante comunicación co Departamento de Orientación e os titores/as dos diferentes niveis da etapa de educación primaria para recibir asesoramento de cara a proporcionar unha adecuada atención ao alumnado. Tamén resultará fundamental a colaboración cos diferentes órganos de coordinación docente, especialmente cos equipos de nivel para acordar a metodoloxía a utilizar e coordinar o proceso de avaliación do alumnado, así como para a realización dalgunhas das actividades propostas, entre outros aspectos.
No que se refire ás familias do alumnado, solicitarase a súa colaboración ao longo do curso escolar de cara a adecuada realización dalgunhas das actividades propostas, o que terá lugar por medio da axenda escolar dos/as discentes ou da app AbalarMóbil de cara a fomentar a súa participación no seu proceso educativo.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado ao principio de curso e de cada unidade co fin de determinar os seus coñecementos previos, características e necesidades, así como o grado de desenvolvemento das competencias clave para adecuar a intervención educativa a este, valorar o seu progreso posterior e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, o que terá lugar a través da análise dos informes de avaliación individualizados da etapa ou curso anterior, que se complementará coa información obtida das familias, así como dos procedementos de avaliación contemplados nesta programación.
En función dos resultados obtidos, realizaranse as modificacións pertinentes tanto na presente programación didáctica como na práctica docente co fin de lograr o antes indicado.

Así mesmo, cabe mencionar que ao finalizar cada trimestre cumplimentarei unha escala de observación para avaliar esta programación didáctica e a miña práctica docente, a cal será avaliada tamén polo propio alumnado por medio da cumplimentación dunha segunda escala a de observación de cara a favorecer a heteroavaliación.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **15** | **15** | **15** | **15** | **20** | **20** | **100** |
| **Proba escrita** | 20 | 20 | 15 | 55 | 15 | 45 | **28** |
| **Táboa de indicadores** | 80 | 80 | 85 | 45 | 85 | 55 | **72** |

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación a ter en conta son os seguintes:
- Coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas (contemplados e avaliados tomando como referencia os criterios de avaliación establecidos nesta programación): 60%. Avaliarase mediante probas escritas e táboas de indicadores.

- Hábitos de traballo e resultado acadado nas actividades prácticas e escritas a realizar en cada unidade didáctica (presentación, orde, limpeza, ortografía, caligrafía, grado no que completa as actividades propostas, responsabilidade, orixinalidade...): 20%. Avaliarase mediante táboas de indicadores.

- Participación, esforzo, actitude, comportamento, interese e ausencia de material: 20%. Avaliarase mediante táboas de indicadores.

En base aos criterios de cualificación antes mencionados, o alumnado que acade unha cualificación igual ou superior a un 5 na avaliación final ordinaria considerarase que logrou acadar o grao mínimo do que debe saber, comprender e saber facer para o seu nivel académico, o cal se concreta nos criterios de avaliación establecidos en cada unidade didáctica, e, polo tanto, que logrou unha progresión adecuada na consecución dos obxectivos a área de Música e Danza, así como das competencias clave.

A cualificación obtida polo alumnado na avaliación final ordinaria será calculada en función das cualificacións acadadas en cada un dos trimestres en base ás seguintes porcentaxes:
- 30% no 1º trimestres.
- 30% no 2º trimestre.
- 40% no 3º trimestre.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que promocione de curso coa área de Música e Danza con cualificación negativa recibirá os apoios e reforzos necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior en base as súas necesidades e características.

## 6. Medidas de atención á diversidade

1. Estratexias e medidas xerais a aplicar para atender á diversidade do alumnado
O alumnado ao que se dirixe esta programación posúe diferentes características, intereses, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, polo que se contemplan diversas estratexias e medidas para atender a esta diversidade, tomando como referencia para iso a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia e o Plan Xeral de Atención á Diversidade de centro.
Respecto ás estratexias a ter en conta, cabe indicar: incorporación das TIC na aula para incrementar o interese cara a aprendizaxe, avaliación inicial ao comezo do curso e de cada unidade para adecuar o proceso educativo ao alumando e atención individualizada para coñecer a cada discente en profundidade e favorecer a detección temperá de dificultades e necesidades educativas e, polo tanto, o establecemento inmediato das medidas de atención á diversidade necesarias, podendo ser estas tanto ordinarias como extraordinarias, as cales se aplicarán unha vez esgotadas as primeiras, para o que se partirá dos principios de equidade, igualdade, normalización, inclusión, flexibilización e calidade da educación.
Así, as medidas de atención a aplicar con carácter xeral consistirán en: a adecuación da programación ao alumnado; o fomento da coordinación co DO e titor/a de cada grupo-aula; o reforzo educativo; o deseño de plans de recuperación e reforzo; o uso de metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos e na titoría entre iguais; o uso de técnicas de estudio e de modificación de conduta; o deseño de actividades de ampliación e reforzo; a realización de diversos agrupamentos; a flexibilización do tempo dado para realizar as actividades propostas; a implicación das familias no proceso educativo do alumnado; o deseño de actividades con diferentes grados de complexidade e que permitan diversas formas de execución, as cales tamén poderán ser modificadas segundo as necesidades do alumnado; e o uso de diversos recursos e medios didácticos adecuados ás características e intereses dos/as discentes.

2. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE)
O artigo 71 da LOE modificado pola LOMLOE define a este alumnado como ¿aquel que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención e aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ó sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia familiar.
No que respecta ao CPI de Vedra, existen algúns alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo derivadas da existencia de Trastornos do Espetro Autista (TEA), de TDAH, de retraso madurativo, altas capacidades intelectuais...
En base á ORDE do 8 de setembro de 2021, atenderase na materia de Música e Danza ao alumnado que presente as devanditas necesidades a través da posta en práctica de diversas medidas de atención, cuxa aplicación complementarase coas indicadas no apartado anterior:
-Ordinarias:
-Reforzo educativo e apoio por parte da auxiliar educativa (coidadora), no caso da alumna que presenta discapacidade múltiple.
-Uso de procedementos de avaliación adecuados ás súas necesidades e reformulación das preguntas a realizar para efectuar esta.
-Deseño de actividades acordes cos seus intereses e necesidades que favorezan a súa inclusión, participación e socialización.
-Emprego de pictogramas.
-Establecemento de rutinas para crear un ambiente predicible e seguro na aula de cara a promover a súa autonomía e anticipar os cambios que poidan ter lugar nesta para evitar posibles situacións de ansiedade.
-Realización de actividades en cadea e en pequenos pasos.
-Lectura dos textos propostos contando co apoio da docente para facilitar a súa comprensión.
-Uso de frases curtas e concisas para indicar o que debe facer e o que se espera do alumnado.
-Titoría entre iguais.

-Tratamento prioritario de contidos referidos á educación en valores e aos elementos transversais, así como deseño de actividades que favorezan a adquisición das competencias sociais e cívicas e da intelixencia emocional.
-Encomio dos logros do alumnado ante os demais e realización de correccións en privado.
-Fomento do traballo en equipo e cooperativo.
-Fomento da participación dos/as discentes e integración no grupo-aula .
-Outorgamento dun maior protagonismo na aula para incrementar a autoestima e motivación do alumnado.
-Uso de técnicas de modificación de conduta (reforzo positivo, economía de fichas, extinción...).
-Emprego de dinámicas grupais (role-playing, pantomima, choiva de ideas...).

-Extraordinarias: no caso de que as medidas ordinarias anteriores non reportasen os resultados esperados, valoraríase a realización dunha Adaptación Curricular.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación ambiental | | | | | X | X |
| ET.2 - Educación para a saúde e a calidade de vida | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para a paz | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para o consumidor | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación para o lecer | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - A comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - O emprendemento | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - A educación cívica e constitucional | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - A educación emocional i en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Traballo en equipo | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

O tratamento da Educación en Valores á que fai referencia o artigo 121 da LOE modificada pola LOMLOE, e dos elementos transversais contemplados no artigo 17 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, pretende favorecer á formación integral do alumnado para a súa integración e adecuado desenvolvemento na sociedade, polo que o tratamento da maior parte dos elementos transversais antes indicados, debido á súa relevancia, abordarase en todas as unidades.
Así mesmo, nesta programación tamén se terá en conta a acción titorial (concretada no Plan de Acción Titorial de centro que recolle as accións a desenvolver dende as titorías en base ao artigo 81 do Decreto 374/1996 e da Orde do 24 de xullo de 1998), a través do favorecemento da formación integral do alumnado, da implicación das familias no seu proceso educativo, da prevención das medidas de atención á diversidade necesarias...

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Concertos didácticos e a outras actividades artístico-musicais | Neste curso está previsto asistir ao menos a unha actuación musical ofertada por Compostela Cultura, o que terá lugar o 22 de marzo. | | | |
| Actividades interdisciplinares organizadas a nivel de centro. | Realización de actividades de carácter musical en relación ás conmemoracións indicadas (execución de coreografía e danzas, interpretación vocal de cancións, interpretación instrumental de diversas pezas musicais adecuadas ás características do alumnado...). | | | |
| Asistencia a festivais organizados a nivel de centro. | Nestes festivais realizaranse diversas actividades musicais tales como interpretación de coreografías, así como de diferentes pezas vocais e instrumentais. | | | |

**Observacións:**

As actividades complementarias e extraescolares a realizar no presente curso escolar na área de Música e Danza terán como finalidade favorecer a consecución, por parte do alumnado, dos obxectivos xerais de etapa e os específicos establecidos para a mesma e a adquisición das competencias clave, así como reforzar os contidos abordados, favorecer as relacións sociais entre o alumnado, promover o coñecemento da contorna que o rodea e potenciar a motivación cara a aprendizaxe e cara a realización de actividades lúdico-culturais.
En termos xerais, estas poderán consistir en:
*Asistencia a concertos didácticos e a outras actividades artístico-musicais ofertadas no presente curso escolar polas entidades culturais da contorna.
*Asistencia aos festivais que se poidan organizar a nivel de centro.
*Realización de actividades interdisciplinares organizadas a nivel de centro en relación ás conmemoracións contempladas na orde de calendario escolar, sendo estas algunhas delas:
-Samaín e Magosto.
-Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
-Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
-Nadal.
-Día da Paz.
-Día de Rosalía.
-Entroido.
-Día Internacional da Muller Traballadora.
-Semana da prensa.
-Día do Libro.
-Día Internacional contra o Acoso Escolar.
-Día Mundial da Saúde.
-Semana das Letras Galegas. O equipo de dinamización da lingua galega elaborará un calendario de actividades para esa semana.
-Día Mundial do Medio Ambiente.

Para a realización tanto das saídas ao entorno como as que precisen de transporte público, contarase coa autorización previa correspondente do pai, nai ou titor/a legal do neno/a.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Faise interesante a materia ao alumnado. |
| Motívase ao alumnado cara a aprendizaxe e as tarefas propostas. |
| Aténdese ás preguntas e dúbidas que xorden. |
| Foméntase a aprendizaxe cooperativa e as actividades grupales. |
| Ofrécese axuda e atención individualizada aos/ás discentes. |
| As actividades organízanse de forma adecuada. |
| Téñense en conta as suxestións realizadas polo alumnado. |
| Aplícanse materiais e métodos innovadores. |
| Valórase o esforzo do alumnado. |
| Aplícase o reforzo positivo e demais técnicas de modificación de conduta. |
| Ridiculízase ao alumnado cando se equivoca. |

| |
|---|
| Desapróbanse as iniciativas do alumnado. |
| Prímase a pedagoxía do éxito sobre a didáctica do erro. |
| As sesións son preparadas e organizadas adecuadamente. |
| Evítanse actitudes sexistas e de discriminación. |
| As explicacións son claras. |
| Avaliamos de forma continua e global ao alumnado. |
| A avaliación levouse a cabo ao inicio, durante e ao final de cada unidade e trimestre. |
| Os procedementos de avaliación empregados foron suficientes. |
| Os instrumentos de avaliación utilizados permiten rexistrar os diferentes tipos de datos obtidos sobre o alumnado. |
| As técnicas de avaliación utilizadas permiten obter múltiple e variada información sobre a evolución do alumnado. |
| Os datos obtidos por medio das técnicas de avaliación seleccionadas son fiables e válidos. |
| O proceso de avaliación desenvolveuse de acordo coa lexislación existente. |
| As rúbricas elaboradas permiten valorar de forma obxectiva o grado de desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais de etapa. |
| O proceso de avaliación desenvolveuse tendo en conta a diversidade do alumando. |
| A avaliación permitiu valorar a programación de aula e a intervención pedagóxica de cara a súa mellora. |
| O proceso de avaliación tivo en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas de todas as áreas do currículo. |
| A avaliación tivo en conta o esforzo, actitude, participación e interese do alumnado. |

**Descrición:**

En base á Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato en Galicia e ao artigo 21 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, na presente programación avaliarase tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro co fin de determinar se é preciso introducir modificacións nesta de cara a mellorar o proceso educativo. Dita avaliación efectuarase ao finalizar cada unidade didáctica en base a unha escala de observación que conterá os indicadores de logro que neste apartado se indican, así como dunha escala de observación a cumprimentar polo propio alumnado ao finalizar cada trimestre.

En función dos resultados acadados nas devanditas escalas de observación levaranse a cabo as acción pertinentes co fin de mellorar o proceso de ensino e a práctica docente.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao finalizar cada unidade didáctica avaliarase a presente programación didáctica a través dunha escala de observación que incluirá os seguintes indicadores de logro:
-Adecuación dos obxectivos didácticos ás características e necesidades do alumnado.
-Adecuación da secuenciación dos contidos ás características e necesidades do alumnado.
-Adecuación das actividades ao alumnado.
-Aprendizaxes adquiridas polo alumnado.
-Competencias acadadas polo alumnado.

-Intelixencias múltiples desenvolvidas polo alumnado.
-Tratamento dos elementos transversais.
-Contribución aos plans e proxectos desenvolvidos no centro escolar.
-Medidas de atención ordinarias de atención á diversidade.
-Medidas de atención extraordinarias de atención á diversidade.
-Adopción de estratexias e medidas de atención á diversidade con suficiente anticipación para paliar as dificultades e necesidades educativas do alumnado.
-Integración do alumnado na aula.
-A programación didáctica e o seu desenvolvemento.
-Aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e na contorna para o desenvolvemento da programación.
-Selección dos procedementos de avaliación para avaliar diversas capacidades, coñecementos, destrezas, habilidades e actitudes.
-Coordinación co profesorado que incide sobre o grupo-aula.
-Coordinación co Departamento de Orientación.
-Aplicación dos principios metodolóxicos na aula.
-Organización da aula.
-Adecuación da organización temporal e espacial ao alumnado.
-A avaliación levouse a cabo ao inicio, durante e ao final de cada unidade e trimestre.
-Os procedementos de avaliación empregados foron suficientes.
-Os instrumentos de avaliación utilizados permiten rexistrar os diferentes tipos de datos obtidos sobre o alumnado.
-As técnicas de avaliación utilizadas permiten obter múltiple e variada información sobre a evolución do alumnado.
-Os datos obtidos por medio das técnicas de avaliación seleccionadas son fiables e válidos.
-O proceso de avaliación desenvolveuse de acordo coa lexislación existente.
-As rúbricas elaboradas permiten valorar de forma obxectiva o grado de desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais de etapa.
-O proceso de avaliación desenvolveuse tendo en conta a diversidade do alumando.
-A avaliación permitiu valorar a programación de aula e a intervención pedagóxica de cara a súa mellora.
-O proceso de avaliación tivo en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas de todas as áreas do currículo.
-A avaliación tivo en conta o esforzo, actitude, participación e interese do alumnado.

Así mesmo, tamén se terá en conta as escalas de observación que cumplimentará o alumnado ao finalizar cada trimestre.
En función dos resultados acadados nas devanditas escalas de observación levaranse a cabo as pertinentes modificacións da presente programación didáctica co fin de mellorar esta.

## 9. Outros apartados